

## CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA 2019

A Presidenta de ESPAZOCOOP, previo acordo do Consello Reitor procede a convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria da Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP, o **venres 10 de Xaneiro de 2019** en **Santiago de Compostela**, na **Cidade da Cultura** (Monte Gaiás. **Biblioteca e Arquivo de Galicia. Sala 1**). Sendo a primeira convocatoria ás **16:00 h.** e a segunda ás **16:30 h.**

### Orde do Día:

#### 1. Organigrama do Consello Rector e responsabilidades.

*Información sobre a composición, funcións e responsabilidades das persoas que nestes momentos ostentan cargos no Consello Rector.*

#### 2. Incorporación de conselleiras/os ao Consello Reitor

*Proposta de ampliación do Consello Reitor, ata completar o total de membros establecido nos estatutos ou no seu defecto manterse nos actuais ate a vindeira asemblea xeral.*

#### 3. Demandas atendidas, nivel de execución e planeamento 2020

*Seguimento e análise das actividades desenvolvidas no ano en curso e avance das programadas para o ano 2020.*

#### 4. Identificación de proposta de actividades a desenvolver por Espazocoop, no 2020.

*Traballo por grupos (a nivel sectorial e xeral) para identificar propostas para o plan operativo de 2020:*

- que actuacóns e actividades demandamos para atender as necesidades das cooperativas,
- que tipo de programas e intervencións nos gustaría que desenvolvese Espazocoop,
- identificación de demandas políticas a nivel lexislativo (xurídico, fiscal, laboral...), representativo, sectorial,...

#### 5. Elección das persoas que asinarán o acta.

*Xunto coa presidenta e secretario da asemblea.*

#### 6. Rogos e preguntas.

Hora prevista de remate: 19:00h



Santiago de Compostela, a 12 de Decembro de 2019  
A presidenta: Ana Olveira Blanco

## INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Os estatutos Sociais de ESPAZOCOOP, establecen que:

### Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...) É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social.

O acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

### Artigo 24.- Dereito de voto

1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.

2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

## O LUGAR DE CELEBRACIÓN

A **Cidade da Cultura** atópase no Monte Gaiás en Santiago de Compostela. A Asemblea celebrarase na **sala 1** do **edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia**. (a mesma sala na que se realizou a asemblea do ano pasado, diante da escultura dos libros).

